


creativa

INDUSTRIA CULTURAL
GALICIA – NORTE DE PORTUGAL



soportesonoro

100 anos capturando música en Galicia

EXPOSICIÓN

**26, 27 e 28 de
novembro**

Pazo da Cultura
de Pontevedra



CULTURAL 2010

PAZO DA CULTURA
DE PONTEVEDRA

26, 27 E 28 NOVEMBRO

- As orixes da música gravada: o fonógrafo e o gramófono
- Gravación e reprodución amplificada: a cinta magnetofónica
- Máis música, menos interferencias: o microsuco

FINANCIADO POR



PROGRAMA
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA
ESPAÑA – PORTUGAL
COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIÇA
2 0 0 7 – 2 0 1 3

Unión Europea
FEDER



Investimos no seu futuro



creativa
INDUSTRIA CULTURAL
GALICIA – NORTE DE PORTUGAL

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia

MIC

MINISTÉRIO DA CULTURA
DIRECÇÃO REGIONAL
DE CULTURA DO NORTE



XUNTA
DE GALICIA

'Soporte sonoro'

Cen anos capturando
música en Galicia

26, 27 e 28 de novembro

Culturalg.

Pazo da Cultura de Pontevedra

Horario: 11.00 a 21.00 h

Comisarios

José M. Aldea, Xulio Gómez

Coordinación do proxecto e montaxe

Produción e Xestión Cultural (PXC)

Deseño gráfico

DON Gráfica Contemporánea

Deseño do soporte expositivo

MAM Arquitectos

Documentación

Ouvirmos

O século vinte supuxo a materialización dun gran soño: a gravación e reprodución da voz, dos sons e das músicas que comunidades e individuos producían. Até aquel momento a difusión da voz e da música limitábase a un momento e a un lugar concretos; a partir do desenvolvemento e evolución de toda unha serie de aparellos que podían rexistralas, a difusión acadou extraordinarias potencialidades. O rexistro do son posibilitou a preservación e transmisión de ideas e emocións.

A exposición 'Soporte sonoro' propón un percorrido pola historia da gravación e reprodución sonora a través da variedade de aparellos e formatos, do cilindro de cera ao disco compacto, do fonógrafo ao radiocasete, que permitiron a expansión popular de sons e melodías. E traza, ademais, un itinerario no que atopamos persoas e ideas que posibilitaron que a gravación, reprodución e arquivo do son sexan para nós realidades cotiás, como Pedro Ferrer, o fotógrafo responsable das primeiras referencias discográficas galegas, ou Juan Portela Seijo, inventor do magnetófono de fío de aceiro no ano 1939, un aparello pequeno e portátil que se conver-

teu no primeiro gravador autóctono, ou as colleitas de Alan Lomax.

'Soporte sonoro' conclúe, xa en pleno século XXI, co penúltimo chanzo da revolución do disco compacto. Os consumidores teñen ao seu alcance unha ampla variedade de formatos e soportes dixitais: desde o DVD, ao CD-R e aos recentes formatos comprimidos MP3, provocando un descenso de vendas considerable do tradicional CD, mentres que o outrotra repudiado formato analóxico recupera vendas e presenza no mercado. Unha fonda convulsión percorre a espiña dorsal da industria musical, alimentada polas estratexias de mercado do mundo occidental.

A mostra 'Soporte Sonoro' quere ser un reclamo para a recuperación e valoración do patrimonio sonoro, musical ou non, que se conserva en Galicia, e non sería posible sen a xenerosidade de persoas e colectivos que, desenvolvendo un extraordinario labor de arquivo, atesouran aparellos e obxectos clave nunha das máis grandes revolucións tecnolóxicas de todos os tempos. A todos eles o agradecemos, en especial a Ernesto Romero e a Yago Portela.

As pezas expostas en Soporte sonoro proceden na súa maioría da colección particular de Ernesto Romero. O magnetófono de fío, ideado por Juan Portela Seijo en 1939, foi cedido pola súa familia. A mostra inclúe ademais un conxunto de pezas cedidas pola Escola SinSal.

www.creativacultural.com

www.culturalg.com

www.agadic.info